

A pluma do abano de Caracalla



A pluma foi atopada no xacemento romano de Caldoval, en Mugardos. Contan os historiadores que corría o ano 211 cando o emperador Caracalla topou nunha pequena vila cunhas termas grandiosas. Pese a dirixirse á provincia de León, decidiu quedar un par de días xunto coa súa familia e as súas tropas. Na derradeira noite, o emperador Caracalla propúxose sorprenden á súa muller regalándolle un abano de plumas douradas. Dito abano fora comprado a un exótico mercader de Oriente Medio polo seu inestimable valor, xa que se trataba das plumas dun elegante paxaro que moi poucos tiñan a fortuna de ver de e só coñecían polas lendas que del se contaban. A súa esposa, Fulvia Plaucila, quedou moi conmovida ante o detalle do seu marido, pese a que ao principio parecía non apostar pola súa relación. Como agradecemento, regaloulle unha das súas noites. Á mañá seguinte, e segundo contan os mesmos historiadores, Caracalla decidiu visitar ao seu primeiro oficial. Levou unha gran sorpresa cando, en metade da conversa, viu como relucía un obxecto ao carón da súa cama. Achegouse e non o podía crer. En efecto, ao carón da cama do seu primeiro oficial atopábase unha das plumas do abano dourado que, a noite anterior, fora motivo de celebración. Caracalla, segundo os que o coñecían, era moi vingativo e ideou un plan para castigar o seu primeiro oficial polo que fixera. Non o mandou executar, senón que o obrigou a estrangular a Fulvia Plaucila. Antes de marchar daquela pequena vila e daquelas termas grandiosas, desfíxose do abano de plumas douradas. Mais non se decatou de que un dos habitantes de Caldoval se fixera cunha delas. Para evitar ser descuberto, enterrouna nas aforas da vila e cando marcharon Caracalla e as súas tropas xa non soubo atopar o lugar exacto.